

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de setembro de 2021**

Ás 17.00 horas do día 16 de setembro de 2021, réunese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández Pérez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de xullo de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 22 de xullo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMEIRA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO PARA O SEU FORTALECIMENTO

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, dá lectura á moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que a moción é para profundar nela. Non é o lugar onde debater esta moción, deberíase discutir en Santiago de Compostela na Xunta de Galicia. Hai puntos en común cos que pode estar de acordo, pero quérese xeneralizar e hai outras problemáticas de fondo. Por exemplo non hai cirurxiáns pediátricos, non os hai. Nalgúns aspectos pode estar de acordo. Pide ata o día do pleno para estudar a moción e coñecer máis profundamente a problemática. O día do Pleno fará chegar o seu voto, emenda, modificación ou o que sexa.

D. Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, concorda coa filosofía da moción e con gran parte das propostas que fai. Non tivo tempo de profundar nela. Fai a súa reserva de voto ata o día do Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que está de acordo coa xeneralidade da moción. Vota en falla o punto no que solicita a posta en marcha da presencialidade nas consultas médicas, que reclama o BNG dende hai tempo. Hoxe anunciouno o Sr. Feijoo, Anunciouse hoxe, pero hoxe non puido ser. Haberá consultas que se poidan seguir atendendo telefonicamente ou receitas, baixas..., pero no resto é lóxico que se retome a presencialidade. Que se aborde con urxencia o proceso de degradación estrutural na nosa sanidade, hai persoas que tardan máis dunha semana en conseguir unha atención telefónica, é máis para conseguir ir ao médico. Nos casos graves hai alongamento da patoloxía, unha barbaridade humana e médica e tamén económica, con tratamentos máis custosos. Farán algunha engádegas, pero con carácter xeral están de acordo. Algunhas cousas son estruturais, e pode non haber profesionais, porque lles ofrecen estabilidade e mellores condicións económicas. En Verín non había e cando se puxeron os medios, apareceron. Hai que artellar medidas estruturais que moitas veces non están en man da Comunidade Autónoma, que están en mans do Estado, como a creación de prazas MIR, pero debemos exixir políticas a medio ou longo prazo. Un

médico ou un cirurxián non se forman dun día para outro. Temos que evitar que se siga deteriorando a nosa sanidade pública.

A presidenta da comisión pide reserva de opinión e voto para o Pleno. Concorde con moitas cousas que se dixeron nesta comisión. Considera que ten razón don Bernardo Varela cando di que é unha cuestión estrutural, e non depende das comunidades autónomas na súa meirande parte. As comunidades autónomas deben facer propostas para ir atallando estes problemas estruturais, pero a falla de profesionais da sanidade pública, compételle ao Goberno Central que ten o poder de convocar as prazas vacantes. Non se atenden as propostas que se fan dende Galicia para captar máis médicos. Engade que non é un problema da Xunta de Galicia, senón un problema estrutural e que é o Goberno Central quen debe convocar as prazas de reposición. Coincide con Montserrat Lama en que este non é o foro axeitado, faise moito ruído e pouco imos conseguir. É una situación que se producía antes da pandemia, falla de especialistas médicos, falla de reposición, pero o COVID irrompeu e houbo que atender as cuestións máis urxentes. En Galicia seguimos tendo máis de dous mil setecentos casos activos. Aínda temos cifras preocupantes e que están lonxe da recuperación antes do COVID-19.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, considera que é este o foro axeitado para tratar estes temas, porque estes problemas afectan a todos os ourensáns, e debemos facer ruído para que nos atendan nas institucións de máis arriba e vexan que existe unha problemática. O propios profesionais que están na sanidade piden unha reorganización, permitirlles facer outras funcións que aliviarían a presión hospitalaria, permitirlles facer probas diagnosticas, non queren facer labores administrativos como fan neste momento, xunto coa atención telefónica. Engade que a falla de profesionais por xubilacións é unha falla de xestión anticipada, xa se sabía hai quince anos. Hai que ter unha previsión para ir cubrindo as prazas que van quedando vacantes de especialistas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que os ourensáns teñen que pedir o que necesitan. Pero cada catro anos hai unhas eleccións autonómicas das que saen uns parlamentarios, que cobran por ser parlamentarios e que teñen que facer o seu traballo no Parlamento. Ata o día de hoxe a sanidade lévaa a Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade. Cre que a Deputación Provincial de Ourense non ten autonomía sobre a saúde pública desta provincia. Considera que a Deputación non é o foro. O Partido Socialista e os seus parlamentarios deberían levar esta moción ao Parlamento de Galicia. Pódelle dar un listado de

cousas que solucionar na provincia de Ourense na que a Deputación ten competencias e que lle axudaría a ter máis ideas para facer mocións que son máis adecuadas para traelas a este foro ou a esta institución.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e do deputado e deputada non adscritos (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar, antes de fin de 2021, unha reformulación real da atención primaria coa incorporación progresiva dun maior número de profesionais de especialidades, a maiores do eixo médico/a-enfermeiro/a, incluíndo a posibilidade de incorporar máis especialidades.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para a mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira descontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais, dotándoos de maior estabilidade.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

4º.- Instar á Xunta de Galicia á coordinación de servizos, fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar no que poden.

5º.- Instar á Xunta de Galicia a promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria coa maior rapidez e medios posibles.

6º.- Instar á Xunta de Galicia para ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que o ano pasado houbo unha rebaixa orzamentaria do 15% de transferencias correntes a concellos no ámbito de acción social e en atencións sen fins de lucro. Engade que xa foron críticos, e este ano que recuperamos uns niveis orzamentarios pre-pandemia, mantense a redución nesas dotacións orzamentarias, nas partidas de acción social, transferencias correntes, e atención benéfica. Indica que nesas partidas se debería recuperar esa dotación orzamentaria.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, sinala que na pasada comisión do mes de xuño fixo unha pregunta sobre o plan de igualdade da Deputación, e respondeuse que estaba de baixa unha persoa e non se poido contestar por escrito.

A presidenta da comisión indica que non lembraba a dita pregunta. Revisou a acta anterior e se lle pasou esa pregunta.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta como está o Plan de Igualdade, se se fixeron valoracións, que tipo de actividades se están levando a cabo, saber como se está traballando no dito plan.

A presidenta da comisión responde que o vixente Plan de Igualdade finaliza en decembro de 2021. Xa estamos preparando con Intervención para poñer en marcha o vindeiro plan. Sobre o actual está cumprido case ao cen por cen. Só algunhas actividades non se podían facer, o plan de igualdade é interno, pero está nun 97% completo. De aquí a decembro elaboraremos un informe do seu cumprimento. Era un plan a catro anos, fixéronse accións formativas, fanse todos os anos e non temos nada pendente. Antes de convocar o comité de igualdade para valorar este e dar o resultado, estaremos en condicións de facer un referido a el.

E, ás 17.26 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.